



Resolución do 30/01/2019 da Universidade da Coruña, polo que se convoca ao profesorado contratado temporal e funcionario interino para os efectos de recoñecemento do compoñente por méritos docentes (quinquenios)

A Universidade da Coruña tras analizar as diversas resolucións da xurisdición Contencioso-Administrativo, en relación á avaliación de méritos docentes noutras universidades públicas españolas do profesorado contratado temporal e interino, considera lexítima a avaliación do compoñente por méritos docentes (quinquenios) de todo o profesorado que reúna as condicións para poder ser avaliado e que se lle recoñezan, de ser o caso, os tramos que correspondan dese compoñente.

Trala negociación cos representantes dos/as traballadores/as, a Universidade da Coruña acorda convocar por acordo do Consello de Goberno do 30/01/2019, de forma extraordinaria, ao profesorado contratado temporal e funcionario interino dos corpos docentes universitarios a presentar solicitudes de avaliación docente para os efectos de recoñecemento do compoñente por méritos docentes, conforme a Normativa de actuación da comisión de avaliación de méritos docentes (Aprobada na Xunta de Goberno do 23 de maio de 2001 e modificada por acordo do Consello de Goberno do 25 de outubro de 2006), sendo de aplicación o disposto sobre esta avaliación no Real Decreto 1086/1989, de 28 de agosto e na Orde de 3 de novembro de 1989, conforme a súa redacción vixente e as Resolucións do Consello de Universidades, de datas do 26/09/1989, 03/05/1990 e 20/06/1990, e nos seguintes termos:

1. Requisitos das persoas solicitantes

Terán dereito a solicitar a avaliación da súa actividade docente o persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, con contrato ou nomeamento en vigor e con dedicación a tempo completo o 31 de decembro de 2018 nas seguintes categorías:

- a) Profesorado contratado doutor interino
- b) Profesorado axudante doutor
- c) Profesorado colaborador temporal
- d) Profesorado contratado interino de substitución
- e) Profesorado interino dos corpos docentes universitarios

Este profesorado poderá someter a avaliación da súa actividade docente realizada en organismos públicos ata o 31 de decembro de 2018, en períodos de 5 anos en réxime de dedicación a tempo completo, ou períodos equivalentes se prestaron servizos en réxime de dedicación a tempo parcial. A docencia impartida a tempo parcial computarase aplicándolle un coeficiente redutor do 0,5 á hora de determinar a equivalencia.

2. Recoñecemento do compoñente por méritos docentes

O recoñecemento do compoñente por méritos docentes do profesorado incluído na presente convocatoria realizarase segundo o sistema e os criterios de avaliación aplicables ao resto da categorías do profesorado da Universidade da Coruña

Previo informe favorable dos departamentos e centros, por cada unha das avaliacións superadas favorablemente, o profesorado adquirirá e consolidará un compoñente por méritos docentes da contía anual seguinte:

- a) A cantidade anual por méritos docentes recoñecida ao profesorado axudante doutor, profesorado colaborador temporal e profesorado contratado interino de substitución, será a correspondente ao compoñente por méritos docentes

Código Seguro De Verificación	EsqyITB6n2JHjAt2qA/rsA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente Alberto Valderruten Vidal	Asinado	30/01/2019 13:57:39
Observacións		Páxina	1/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/EsqyITB6n2JHjAt2qA/rsA==		





do complemento específico segundo as retribucións do profesorado universitario funcionario de nivel 26 de complemento de destino.

- b) A cantidade anual por méritos docentes recoñecida ao profesorado contratado doutor interino será a correspondente ao compoñente por méritos docentes do complemento específico segundo as retribucións do profesorado universitario funcionario de nivel 27 de complemento de destino.

Os compoñentes docentes que sexan recoñecidos terán efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2019.

3. Presentación de solicitudes e documentación xustificativa

As solicitudes axustaranse ao modelo establecido pola Universidade que está dispoñible na páxina web do Servizo de Persoal Docente Investigador (https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/galeria_down/profesorado/QUINQUENIOS.pdf_2063069239.pdf).

As solicitudes deberán contar co informe do Consello de Departamento e a Xunta do Centro onde desenvolva a súa actividade docente a persoa solicitante.

A docencia impartida en universidades distintas da Universidade da Coruña terá que xustificarse achegando certificado de servizos na que consta a categoría, duración e dedicación do contrato.

En relación coa docencia impartida durante o período de realización de bolsa ou axudas predoutorais (formación de profesorado universitario, formación de persoal investigador e similares) e posdoutorais de carácter oficial, achegarse a acreditación da bolsa ou axuda adxudicada, así como xustificación documental da actividade docente desenvolvida neses períodos.

No caso de ter recoñecidos sexenios en corpos docentes non universitarios, terá que achegarse certificado acreditativo destes, no cal se indique as datas correspondentes a cada un dos períodos recoñecidos e a data da última avaliación favorable.

As solicitudes poderán presentarse nun prazo de 20 días hábiles a contar dende o seguinte á publicación da presente convocatoria na Sede Electrónica da Universidade da Coruña, a través do Rexistro Xeral da Universidade e segundo o Regulamento do rexistro da Universidade da Coruña (Aprobado polo Consello de Goberno o 28/02/2018), ou ben, por calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

4. Emenda e mellora da solicitude

Se a solicitude non reunise os requisitos esixidos, ou advertírase algunha deficiencia na documentación que debe acompañala, requirirase á persoa interesada para que, no prazo de 10 días hábiles, emende as faltas ou achegue os documentos necesarios.

5. Observacións xerais

Corresponde a cada persoa solicitante determinar o ano a partir do cal solicita a avaliación da actividade docente. Determinada dita data, a actividade realizada con anterioridade non poderá ser alegada nin tida en conta, calquera que sexa a súa dimensión temporal, para os efectos de avaliacións futuras.

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
EsqyITB6n2JHjAt2qA/rsA==	Asinado	30/01/2019 13:57:39
Asinado Por	Páxina	2/4
Observacións		
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/EsqyITB6n2JHjAt2qA/rsA==	





En ningún caso, un mesmo período poderá ser computado máis dunha vez. Ás persoas que fosen avaliadas positivamente e no futuro modifiquen a categoría na que concorren a esta convocatoria, conservarán esa avaliación co mesmo nivel que lle foi recoñecido.

A Universidade da Coruña non recoñecerá ningunha avaliación de méritos docentes que o profesorado poda ter recoñecido como profesor contratado temporal ou interino por outra universidade. Neste suposto deberá someter os períodos a unha avaliación na Universidade da Coruña no prazo correspondente.

O profesorado contratado incluído na presente convocatoria que no período de presentación de solicitudes se atope en situación de excedencia forzosa ou temporal, comisión de servizos noutra administración, permiso sen soldo ou con suspensión do contrato por mutuo acordo das partes poderá solicitar a avaliación da súa actividade docente. Non obstante, as resolucións favorables que se adopten en relación coas solicitudes mencionadas non darán dereito á percepción do compoñente por méritos docentes ata que o profesor ou profesora se reincorpore ao servizo na Universidade da Coruña, en réxime de dedicación a tempo completo.

En ningún caso, a contía anual do compoñente por méritos docentes poderá exceder do equivalente á remuneración de seis quinquenios docentes.

6. Protección de datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos recollidos neste procedemento serán tratados pola UDC para a xestión de expedientes administrativos de persoal, cálculo de nóminas e Seguridade Social e xestión de persoal.

O órgano responsable do devandito tratamento é a Secretaría Xeral ante a que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento oposición e portabilidade, na Reitoría da UDC; rúa Maestranza, 9, 15001 A Coruña, mail: rpd@udc.gal, teléfono 881011161.

A Delegada de Protección de Datos é dona Luz María Puente Aba. dpd@udc.gal

A base de xustificación deste tratamento é a realización de funcións administrativas como consecuencia da prestación do servizo de educación superior (Lei Orgánica de Universidades e na Lei autonómica 6/2013, do Sistema Universitario de Galicia).

Poderanse ceder datos a administracións públicas con competencias na materia, e nos supostos de obrigacións legais.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da Sede Electrónica da UDC.

Tamén poden dirixirse á Axencia Española de Protección de Datos para realizar a reclamación que consideren oportuna.

7. Recursos

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de conformidade co disposto no artigo 8.3 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Código Seguro De Verificación	EsqyITB6n2JHjAt2qA/rSA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente Alberto Valderruten Vidal	Asinado	30/01/2019 13:57:39
Observacións		Páxina	3/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/EsqyITB6n2JHjAt2qA/rSA==		





Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de reposición ante o Consello de Goberno no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación; neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo mencionado no parágrafo anterior ata que non exista un resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo cos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Disposición adicional

As persoas dos restantes corpos docentes universitarios da Universidade da Coruña que por calquera causa non puideron presentar a súa solicitude no prazo ordinario que finalizou o 31 de decembro de 2018, e que reunían os requisitos para ser avaliadas, poderán acollerse a este novo prazo extraordinario para presentar a súa solicitude.

O reitor

PD (RR 12/01/2016)

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente

Alberto Valderruten Vidal

Código Seguro De Verificación	EsqyITB6n2JHjAt2qA/rsA==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente Alberto Valderruten Vidal		Asinado	30/01/2019 13:57:39
Observacións			Páxina	4/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/EsqyITB6n2JHjAt2qA/rsA==			

